

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MAIO DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual maio 2020	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en maio de 2020	20
6.4.	Evolución da precipitación en maio de 2020.	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	28
9	RAIOS	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 08/06/2020



Mes moi seco e extremadamente cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de maio tivo dúas metades ben diferenciadas. A primeira quincena estivo caracterizada polo tempo irregular, cambiante, con algunhas fronte importantes e situacións de tormentas, mentres que nas dúas derradeiras semanas a estabilidade foi máis predominante, polo que o tempo seco e con elevadas temperaturas foise impondo, particularmente na última semana.

Isto explica que o mes en xeral fora moi cálido, xa que as anomalías dos último días foron moi significativas, e seco, xa que agás en puntos do interior onde as tormentas foron importantes as chuvias dos primeiros días non conseguiron acadar os niveis normais de maio.

Así, o primeiro día comezaba coa chegada dun río atmosférico que durante a madrugada deixaba chuvias importantes, aínda que foron a menos co avance do día. O día 2 foi de transición cara á entrada das altas presións, con aire cálido norteafricano na xornada do domingo día 3, que deixaba un día de ceo aberto e forte subida nos termómetros.

Porén esta situación foi moi transitoria, xa que o día 4 achegábase polo Atlántico unha baixa con aire frío. O choque destas dúas masas de aire con temperaturas tan diferentes deixou importantes tormentas e unha liña de turbonada en zonas do interior. Esa baixa quedou preto de Galicia nas xornadas do 5 e o 6, deixando ceos parcialmente cubertos, temperaturas suaves e chuvias febles e illadas.

O día 7 foi de tempo seco, pero a inestabilidade volvía o día 8, con tormentas importantes en puntos do interior. O 9 de maio unha fronte chegaba durante a tarde polo Atlántico.

Entre os días 10 e 15 a situación meteorolóxica estivo marcada pola presenza de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera, que deu lugar a chuvascos irregularmente repartidos, pero nalgúns casos de forte intensidade, con aparato eléctrico e pedrazo.

O día 16 as altas presións comezaban a achegarse a Galicia traendo estabilidade e deixando un día de tempo seco, con apertura de claros. Este anticiclón localizouse a partir do 17 ao norte da península Ibérica. Desde esa posición foi quen de impedir que se achegasen borrascas atlánticas e ademais foi atraendo aire cálido procedente do sur da península



Ibérica e do norte de África. Isto fixo que ademais de ceos despexados tivésemos altas temperaturas. Esta situación repetiuse os días 18 e 19.

O 20 entraban algunhas néboas polo litoral, que ocasionaban un descenso térmico nestas zonas. O día 21 tivemos unha evolución explosiva dunha borrasca, que apenas nos afectou, máis que con algunhas chuvias febles e un aumento na altura das ondas.

O 22 tivemos aínda unha fronte moi pouco activa que deixaba orballos febles no litoral, pero o 23 recuperabamos a influencia anticiclónica que xa non nos abandonaría no resto do mes.

Como peculiaridades deste período podemos resaltar a forza do nordés nas xornadas do 25 e o 26 e as elevadas temperaturas os días 27, 28 e 29, con máximas que en moitos puntos da Comunidade superaban os 30°C e en puntos do val do Miño ao seu paso por Ourense, mesmo os 35°C.

A partir do 28 houbo algunhas tormentas. Non foron moi xeneralizadas, pero si acadaron localmente forte intensidade.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1), como en altura (Figura 2), pode observarse que este mes de maio, a Península estivo baixo a influencia dun anticiclón centrado en Reino Unido. No mapa a 500 hPa vese a clara influencia que tivo sobre Galicia a anomalía positiva, explicando o predominio de tempo estable acompañado de elevadas temperaturas e escasas precipitacións este mes.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Maio-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Maio-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	MAIO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.5/17.6	15.0	17.4 (2017)	12.1 (1984)
Tª mínima media	14.3/14.2	11.9	13.8 (1989)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	10.4/10.7(día 17)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	17.4/19.5 (día 28)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	20.7/21.0	18.0	21.2 (2017)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	28.3/29.7 (día 27/28)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	15.5/15.7 (día 14)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	10.5	62-82	164 (1984)	3 (1994)
Días de chuvia (≥1mm)	3	11	21 (1983)	1 (1994)

Comentario: Mes extremadamente cálido para todas as temperaturas, superando a temperatura media e a temperatura mínima media os valores máximos históricos.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes extremadamente seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	MAIO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.5	14.6	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	12.1	9.8	12.1 (1989)	7.0 (1984)
Tª mínima absoluta	7.9 (día 16)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	17.9 (día 28)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	22.9	19.4	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	32.4 (día 28)	34.9 (29/05/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.4 (día 1)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	73	110-139	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	23 (1993)	2 (1987)

Comentario: Mes moi cálido para as máximas e as medias. As mínimas foron extremadamente cálidas, acadando o valor máximo histórico da serie.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, co que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén estivo moi por debaixo do valor climático normal.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	MAIO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.5	13.4	16.3 (2017)	9.6 (1984)
Tª mínima media	9.9	8.0	10.1 (1999)	5.7 (1987)
Tª mínima absoluta	4.5 (día 18)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	14.0 (día 31)	16.0 (12//05/1999)		
Tª máxima media	24.1	18.8	22.9 (2017)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	33.6 (día 28)	34.6 (31/05/2019)		
Tª máxima máis baixa	14.0 (día 15)	8.0 (09/05/1981)		
Precipitación acumulada	36	59-86	193 (1997)	11 (2006)
Días de chuvia (≥1mm)	8	12	21 (1983)	3 (1987)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que para as medias e máximas foi extremadamente cálido. Acadouse o valor máximo de temperatura máxima media de toda a serie histórica.

A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, como tamén se reflicte no número de días de chuvia, resultando un mes seco.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.2	15.4	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	12.9	10.2	12.8 (2017)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 16)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	17.9 (día 28)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	23.6	20.6	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	33.0 (día 26)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	17.1 (día 1)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	29	97-128	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	23 (1997)	3 (1991)

Comentario: Mes extremadamente cálido para as temperaturas medias, máximas e mínimas, acadando estas últimas o valor máis elevado de toda a serie histórica

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no escaso número de días de chuvia rexistrado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	MAIO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.8	16.2	19.2 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	11.9	9.5	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	7.8 (día 6)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.8 (día 29)	16.6 (29/05/2017)		
Tª máxima media	27.7	22.9	27.0 (2011)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	35.9 (día 28)	37.8 (24/05/2017)		
Tª máxima máis baixa	18.5 (día 14)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	70	49-64	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	7	10	18 (2008)	0 (1976)

Comentario: Mes extremadamente cálido tendo en conta a temperatura media, máximas e mínimas superando os valores medios de todas elas o máximo histórico. Ademais as mínimas tamén acadaron o valor máis alto rexistrado ate o de agora nun mes de maio nesta estación.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango normal, pese a que o número de días de chuvia estivo por debaixo dos valores climáticos normais. Isto fai que en conxunto se considere o mes como húmido.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.



baixos déronse en Cabeza de Manzaneda, na mariña lucense e no Cabo Ortegal, con valores próximos aos 16.0 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio para o territorio galego foi de 10.5 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nalgunhas localidades da comarca da Baixa Limia onde os rexistros máis baixos estiveron preto dos 5 °C. Os valores máis altos déronse nas Rías de Vigo e Pontevedra, e na Coruña, onde se superaron os 14.0 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2020.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

Neste mes, pódese observar como as anomalías de temperatura foron moi elevadas en todo o territorio galego, sendo a media no conxunto da Comunidade de +3.5 °C por riba do normal. Os valores máis altos de anomalía chegaron a superar os +4 °C en varias rexións de todas as provincias. As anomalías máis baixas superaron os +1.8 °C, resultando un mes moi cálido ou incluso extremadamente cálido dependendo das zonas.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de maio de 2020 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. Pódese observar que as anomalías de temperatura máis altas superaron os +4°C en varias provincias (Táboa 1) e as anomalías máis baixas tamén foron moi elevadas en toda a Comunidade (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Porto do Son	A Coruña	4,7
Veiga (A)	Ourense	4,7
Amoeiro	Ourense	4,5
Vigo	Pontevedra	4,5
Tordoia	A Coruña	4,4
Cabanas	A Coruña	4,4
Narón	A Coruña	4,4
Neves (As)	Pontevedra	4,4
Coristanco	A Coruña	4,3
Pontedeva	Ourense	4,3

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de maio de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Barreiros	Lugo	1,8
Sober	Lugo	1,9
Caldas de Reis	Pontevedra	2,0
Pereiro de Aguiar (O)	Ourense	2,0
Malpica de Bergantiños	A Coruña	2,1
Cervantes	Lugo	2,1
Allariz	Ourense	2,1
Moaña	Pontevedra	2,1
Vilanova de Arousa	Pontevedra	2,1
Ribas de Sil	Lugo	2,1

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de maio de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de maio de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nos últimos días do mes, rexistráronse valores de temperatura moi elevados para a época do ano, tendo en conta as dúas altitudes. Destaca especialmente o día 28 e a provincia de Ourense.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	36,6
28/05/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	36,1
28/05/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	35,9
28/05/2020	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	35,7
28/05/2020	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35,0
29/05/2020	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	34,8
29/05/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	34,7
29/05/2020	Cespón	BOIRO	A Coruña	34,7
28/05/2020	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	34,7
27/05/2020	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	34,7

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29,5
29/05/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28,4
28/05/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27,2
29/05/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	27,0
30/05/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	26,6
30/05/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	26,0
28/05/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	25,6
28/05/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	25,2
28/05/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	25,1
29/05/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	24

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Salienta o feito de que, en ambas altitudes, os valores de temperatura mínima foron moi elevados para a época do ano e en ningunha estación se rexistraron valores baixo cero.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/05/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	0,9
16/05/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	0,9
16/05/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	1,0
10/05/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	1,0
16/05/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	1,2
16/05/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	1,6
16/05/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	1,9
16/05/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	2,2
16/05/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	2,2
16/05/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	3,0

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/05/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	0,0
03/05/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0,2
06/05/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	1,4
18/05/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	2,5
18/05/2020	Santa Cruz	O VALADOURO	Lugo	2,6
16/05/2020	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	2,7
16/05/2020	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	2,8
17/05/2020	Fragavella	ABADÍN	Lugo	3,0
16/05/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3,1
16/05/2020	Morelle	SARRIA	Lugo	3,2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2020 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi de 17.7 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para maio.

A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +3.32 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. A esta caracterización contribuíron tanto as temperaturas máximas (anomalía de +4.15°C), como as mínimas (anomalía de +2.49°C), resultando ambas extremadamente cálidas tamén. Este é o maio máis cálido rexistrado en toda a serie dende 1961.





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral por debaixo do habitual nun mes de maio, principalmente debido á ausencia de chuvias xeneralizadas na segunda quincena do mes. Sen embargo, si houbo precipitacións de tipo convectivo, moi irregularmente repartidas, pero que fan que en puntos concretos as chuvias poidan ser normais ou mesmo superiores ás agardadas en maio.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 56 L/m². Os valores máis altos acadáronse na provincia de Pontevedra, oeste de A Coruña e na zona de Abadín en Lugo, con valores que superaron lixeiramente os 110 L/m². Os valores máis baixos déronse na costa Ártabra, onde os rexistros apenas superaron os 10 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual maio 2020



Chuvia/lluvia - 05/2020

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2020.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de maio con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 49% inferior ao período de referencia 1981-2010. Maioritariamente na costa Ártabra foi onde se rexistraron as porcentaxes de precipitación máis baixas. En Ourense cidade os valores de precipitación acadaron rexistros próximos aos normais e incluso lixeiramente superiores.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de maio de 2020.

6.3. Días de chuvia en maio de 2020

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 7. Os valores máis altos de número de días de chuvia déronse en zonas elevadas, con valores que superaron os 10 días. Os días de chuvia máis baixos déronse en puntos lo litoral norte de A Coruña, onde non se rexistraron máis de 4 días de chuvia, valores moi baixos para o que corresponde a un mes de maio normal.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de maio de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de maio. Pódese observar que incluso nos sitios máis chuviosos de Galicia a precipitación máxima apenas pasou dos 120 L/m². Salienta o día 1 do mes, no que varias localidades galegas (especialmente da provincia de Pontevedra) xa rexistraban a metade da precipitación acumulada en todo maio.

Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	155
Muralla	LOUSAME	A Coruña	125
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	121
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	120
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	115
Labrada	ABADÍN	Lugo	114
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	104
Atios	O PORRIÑO	Pontevedra	104
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	102
Costa	ROIS	A Coruña	97

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	95	01/05/2020 00:10
Labrada	ABADÍN	Lugo	57	01/05/2020 07:30
Muralla	LOUSAME	A Coruña	56	01/05/2020 06:00
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	55	01/05/2020 00:10
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	52	01/05/2020 00:10
Sergude	BOQUEIXÓN	A Coruña	51	13/05/2020 08:10
Amiudal	AVIÓN	Ourense	49	11/05/2020 17:00
Millara	PANTÓN	Lugo	48	11/05/2020 17:10
Pazo de Galegos	VEDRA	A Coruña	47	12/05/2020 21:10
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	46	04/05/2020 12:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2020.

6.4. Evolución da precipitación en maio de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en maio de 2020 para esta serie foi 47 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 49% por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade, cunha porcentaxe de precipitación moi similar á do ano 2018.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en maio de 2020, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. A xornada máis ventosas foi a do 4 de maio, cando varias estacións rexistraron refachos de máis de 120 km/h. Destaca a estación de A Pontenova, en Lugo, que ese día acadou refachos que pasaron os 145 km/h. O predominio de tempo estable a última quincena do mes fixo que nalgunhas estacións a porcentaxe de calmas fose destacable.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en maio				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
04/05/2020	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	145,6
04/05/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	135,9
04/05/2020	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	127,5
04/05/2020	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	125,2
04/05/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	125,0
04/05/2020	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	124,5
04/05/2020	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	117,0
04/05/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	111,3
04/05/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	107,6
04/05/2020	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	107,2
04/05/2020	Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	103,1
04/05/2020	Laza	LAZA	Ourense	102,9
26/05/2020	Lira	CARNOTA	A Coruña	102,9
04/05/2020	O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	102,6
04/05/2020	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	102,2
04/05/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	102,1

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de maio de 2020.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
A Gándara	Vimianzo	107,3	SE	6		
		Día 4				
Pta. Candieira	Cedeira	124,6	NE	13		
		Día 4				
Malpica	Malpica	75,2	E	7		
		Día 1				
Marco da Curra	Monfero	117,0	E	8		
		Día 4				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de maio de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	127,4	E	6		
		Día 4				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Campus Lugo	Lugo	67,7	N	47		
		Día 4				
Ancares	Cervantes	124,9	NE	11		
		Día 4				

Táboa 11: Resumo vento no mes de maio de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	136,1	SO	16		
		Día 4				
Rodicio	Maceda	99,7	NE	15		
		Día 4				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	60,8	NO	50		
		Día 4				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de maio de 2020 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	78,1	S	13		
		Día 4				
Ons	Bueu	70,9	NE	7		
		Día 4				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de maio de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de maio de 2020.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 5617 raios neste mes de maio. Estes raios foron detectados en distintas semanas do mes, destacando especialmente o día 31, cando se detectaron máis de 2300 raios no total da Comunidade (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en maio de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, Lugo foi a que máis raios rexistrou, con case 2000, mentres que A Coruña foi na que menos caeron (Figura 16), con menos de 800 raios.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en maio de 2020.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en maio en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Nesta gráfica pódese observar que este ano rexistrouse unha cantidade de raios bastante elevada, sendo o terceiro con máis aparato eléctrico do período.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en maio dende 2010 a 2020.

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 5

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
A Coruña																									
A Gándara	14.8	18.96	29.6	27	11.3	7.6	16	70	23.3	12	-51	79	92	60	57	259	2130	20	107	4	968	10	0		
Aldea Nova	15.8	20.35	30.6	28	12.0	8.9	16	25	13.8	1	-107	80	95	62	57	257	2229	9	70	4	985	8	0		
Arzúa	16.4	23.3	32.3	28	10.1	5.5	19	34	13.3	1	-105	78	98	51	60	270	2223	6	64	4	973	10	0		
Camariñas	16.1	18.57	27.3	27	13.7	8.8	18	40	13.7	5	-78	85	94	72	61	276	2253	19	83	4	1016	8	0		
Cariño	15.9	18.19	22.6	4	13.6	9.8	18	21	7.0	9	-84	85	94	74	50	228	1938	16	89	4	1017	8	0		
Cespón	18.5	24.37	34.7	29	13.3	8.7	19	58	11.9	1	-89	76	94	53	63	283	2239	7	60	4	1011	11	0		
CIS Ferrol	17.5	22.87	33.6	28	13.1	9.7	18	11	5.3	1	-133	72	89	53	61	277	2148	11	65	4	1013	6	0		
Corrubedo	17.6	22.61	31.5	27	13.9	11.5	16	39	10.7	10	-109	75	90	57	59	267	2277	10	63	26	1012	11	0		
Coruña-Bens	18.3	21.96	31.0	28	15.3	11.4	17	7	2.4	9	**	81	90	68	**	**	2060	13	69	4	1003	6	0		
Coruña-Dique	16.5	19.43	27.5	27	13.9	9.1	17	3	2.2	9	**	76	87	61	**	**	**	16	76	4	1015	2	0		
Coruña-Torre de Hércul	17.1	20.66	28.3	27	14.3	10.4	17	10	5.0	9	**	73	85	58	**	**	**	**	**	**	**	6	0		
**Costa	17.4	23.58	33.0	29	12.2	8.3	17	97	26.2	1	**	83	98	63	**	**	**	4	47	4	996	11	0		
**Coto Muiño	15.2	21.45	30.9	27	9.9	3.5	17	95	18.4	13	**	85	99	62	**	**	**	4	64	4	**	10	0		
Fontecada	15.4	21.12	31.1	27	10.5	5.4	17	95	19.9	1	-31	75	92	52	55	248	2019	12	82	4	974	12	0		
**Guísamo	17.0	22.26	32.3	28	12.7	8.7	17	8	3.3	4	**	70	86	51	**	**	**	4	52	4	996	6	0		
**Lesende	17.4	22.43	31.5	29	12.9	9.5	16	71	14.8	1	-71	72	86	55	57	261	2191	4	56	4	996	11	0		
Lira	17.0	20.73	29.3	27	13.6	7.9	3	45	8.2	4	--	75	89	60	66	260	2398	17	102	26	**	11	0		
Mabegondo	16.7	23.3	33.7	28	10.1	3.4	17	13	5.0	12	-122	81	99	59	61	275	2248	8	62	4	1006	6	0		
Malpica	15.4	18.82	27.9	28	12.7	10.4	17	11	2.4	5	-96	87	99	72	59	268	2130	21	75	1	998	8	0		
Marco da Curra	14.5	19.8	29.5	28	10.0	5.9	16	17	6.8	1	-115	76	92	57	59	267	2222	16	117	4	942	6	0		
Melide	16.2	23.6	33.7	28	9.7	5.4	18	49	15.9	1	-98	74	95	50	64	288	2351	7	62	4	961	9	0		
Muralla	15.1	19.37	28.0	28	11.3	5.7	16	124	44.3	1	-1	79	93	58	57	258	2150	21	97	4	940	13	0		
**O Val	16.9	21.89	31.7	28	12.2	7.3	17	22	12.5	1	**	77	91	60	**	**	**	4	44	1	1009	9	0		
Olas	15.8	21.84	32.8	28	10.9	5.7	16	35	6.9	1	-102	77	95	55	60	272	2247	12	73	4	**	10	0		
**Ordes	16.3	23.23	33.9	28	10.1	3.4	19	35	13.1	12	**	74	91	51	**	**	**	5	42	5	984	9	0		
**Paramos	15.9	21.91	32.3	28	10.9	6.3	17	120	24.6	4	**	86	99	67	**	**	**	7	45	1	974	9	0		
**Pazo de Galegos	17.8	24.28	33.4	28	12.3	8.0	19	60	47.4	13	-81	80	98	58	60	270	2239	4	45	4	990	6	0		
Punta Candieira	15.6	18.63	29.2	28	13.2	10.3	14	8	3.1	1	-18	78	91	61	54	206	1994	26	124	4	986	6	0		
Punta Langosteira	16.1	18.38	25.1	4	14.0	9.5	17	3	1.6	9	**	83	93	70	57	258	2030	18	83	4	1014	5	0		
Río do Sol	14.7	19.86	30.5	28	10.6	5.8	16	58	15.1	12	-65	80	94	59	57	257	2163	18	86	4	954	9	0		
**Rus	16.4	23.02	33.7	28	10.1	3.8	17	36	9.8	12	**	84	100	61	**	**	**	4	45	4	1000	11	0		
Sálvora	17.1	19.89	28.5	27	14.9	11.9	16	38	9.8	13	-102	81	90	67	66	299	2451	20	65	15	**	12	0		
Santiago-EOAS	17.0	22.94	32.4	28	12.1	7.9	16	72	27.5	13	-68	74	92	52	51	231	2153	15	76	4	987	10	0		
Santiago-San Lázaro	16.8	22.59	32.4	27	11.7	7.5	16	60	30.0	13	-84	74	91	52	61	276	2256	10	60	4	981	8	**		
Sergude	17.3	23.87	32.5	28	11.9	8.3	19	89	50.8	13	**	76	93	52	46	210	1847	**	**	**	**	9	0		
Serra da Faladoira	14.0	18.06	28.0	28	10.2	6.6	16	59	20.6	1	-59	79	94	61	54	248	2132	21	84	4	951	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 5

Provincia Estación	T ^a C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	15.5	21.12	32.1	28	11.1	6.6	17	55	18.0	4	**	81	99	59	54	246	1976	14	145	4	**	**	**	**	8	0		
Abradelo	15.5	21.96	30.2	28	10.0	5.0	16	60	23.7	12	**	71	91	47	59	265	2239	**	**	**	**	**	**	**	11	0		
**Alto do Faro	14.2	20.05	27.8	28	9.0	4.3	16	46	16.3	12	**	79	95	57	**	**	**	6	50	4	921	**	**	**	8	0		
**Alto do Poio	12.8	17.39	25.2	28	8.7	0.9	16	67	16.7	8	**	72	90	51	**	**	**	8	76	4	**	**	**	**	13	0		
Ancares	13.0	17.72	25.1	28	9.0	1.9	16	75	32.9	8	-95	71	88	52	56	255	2209	15	124	4	866	**	**	**	12	0		
**Borreiros	15.7	20.62	26.7	4	11.1	4.9	18	36	9.9	14	-72	85	99	68	49	222	1871	5	66	4	1010	**	**	**	11	0		
Bóveda	17.1	25.49	33.2	28	9.9	5.2	16	38	11.0	8	-115	72	94	42	60	272	2331	6	86	4	967	**	**	**	10	0		
Burela	14.1	17.35	27.7	28	11.6	8.9	16	23	4.6	8	-78	85	97	68	45	206	1817	14	83	4	968	**	**	**	10	0		
Campus Lugo	16.3	24.08	33.6	28	9.9	4.4	18	35	12.2	31	-102	77	99	46	51	229	2187	6	67	4	970	**	**	**	9	0		
Castro R. de Lea	15.5	22.83	32.5	28	9.6	3.7	17	32	7.8	12	**	80	98	52	60	271	2295	**	**	**	968	**	**	**	7	0		
Conchada	17.0	24.52	32.0	28	11.1	4.9	16	40	12.2	9	**	74	95	48	59	268	2371	**	**	**	**	**	**	**	9	0		
Corno do Boi	14.8	20.72	30.3	28	9.9	4.7	16	49	13.8	1	-77	75	92	52	56	253	2016	12	76	4	**	**	**	**	10	0		
Cospeito	15.1	22.35	32.5	28	9.0	2.5	18	20	4.7	8	-107	83	100	52	58	263	2196	9	84	4	**	**	**	**	8	0		
Courel	16.3	23.11	30.6	28	10.4	4.0	16	46	16.8	1	-107	69	93	43	58	263	2283	8	78	4	928	**	**	**	10	0		
Fontaneira	13.9	19.22	27.9	28	9.4	4.0	16	80	28.9	1	-50	75	91	52	58	261	2068	16	125	4	905	**	**	**	11	0		
Foz	15.1	18.77	25.2	4	11.7	5.9	18	44	21.8	8	-87	85	96	70	50	226	1965	10	72	4	1009	**	**	**	10	0		
Fragavella	13.3	18.07	28.5	28	8.9	3.0	17	78	21.4	14	-35	84	98	63	54	244	2052	13	94	4	948	**	**	**	14	0		
Guitiriz-Mirador	14.7	20.55	30.0	28	10.2	5.8	16	25	9.9	1	-100	75	92	53	53	241	2038	10	75	4	938	**	**	**	8	0		
**Labrada	14.1	18.49	29.4	28	10.1	6.4	17	114	51.4	1	-5	77	93	58	53	239	2018	10	71	4	**	**	**	**	14	0		
**Lanzós	14.3	21.39	31.3	28	7.9	0.0	19	36	22.1	8	**	80	96	55	**	**	**	4	40	26	962	**	**	**	7	1		
**Lourenzá	16.1	21.72	30.7	4	11.1	4.0	18	34	9.6	8	**	82	97	62	**	**	**	6	57	4	**	**	**	**	9	0		
Marroxo	16.5	23.06	30.4	28	11.4	5.5	16	39	14.4	12	-105	73	91	47	58	261	2180	8	103	4	943	**	**	**	8	0		
**Millara	17.6	25.74	33.5	28	11.2	6.4	16	89	47.8	12	**	74	98	44	**	**	**	6	77	4	**	**	**	**	10	0		
Monforte	18.0	26.53	33.7	28	10.5	4.9	16	45	20.2	12	-104	75	100	39	59	266	2292	3	91	4	**	**	**	**	9	0		
**Morelle	16.7	25.15	32.8	28	9.1	3.2	16	44	13.4	8	-93	79	100	48	54	242	2178	3	44	4	968	**	**	**	8	0		
O Cebreiro	13.2	20.35	29.5	28	7.8	0.9	16	120	32.7	8	-64	77	95	53	58	264	2260	11	88	4	871	**	**	**	14	0		
O Xipro	14.9	21.26	30.5	28	9.5	4.9	17	60	22.0	31	-78	76	97	52	57	260	2215	11	102	4	927	**	**	**	13	0		
**Olveda	15.6	22.86	31.4	28	9.1	4.2	16	42	14.8	12	-96	75	95	49	57	257	2228	4	41	4	**	**	**	**	9	0		
Pedro Murias	15.8	19.05	24.5	2	12.8	8.1	17	49	18.6	4	-57	89	99	75	52	236	1936	10	92	4	1012	**	**	**	9	0		
Penedo do Galo	13.7	17.11	27.2	28	10.8	7.1	16	56	17.6	14	-51	83	96	65	49	225	1942	23	127	4	**	**	**	**	14	0		
Pol	15.0	21.72	31.7	28	9.7	5.6	17	34	9.0	4	**	77	99	50	56	255	2148	**	**	**	942	**	**	**	9	0		
Portomarín	16.4	24.28	33.6	28	9.7	4.1	16	53	20.1	31	**	77	99	48	58	263	2304	**	**	**	965	**	**	**	9	0		
Riotorto	15.8	21.94	32.8	28	11.2	5.5	18	38	12.8	1	-79	90	100	66	50	226	2070	8	83	4	**	**	**	**	11	0		
Sambreixo	14.9	22.02	31.8	28	8.7	3.9	18	18	3.8	1	**	80	99	53	59	269	2225	**	**	**	**	**	**	**	8	0		
**San Clodio	18.8	27.03	35.0	28	11.1	5.7	16	43	12.0	14	**	72	99	40	**	**	**	3	36	4	986	**	**	**	10	0		
**San Fiz	17.1	24.26	32.2	28	11.0	6.6	16	64	29.6	12	-85	74	95	47	57	256	2311	4	55	4	971	**	**	**	9	0		
Santa Cruz	15.8	21.22	30.7	28	10.8	2.6	18	45	10.8	14	-69	86	99	66	47	215	1946	5	71	4	**	**	**	**	12	0		
Serra Vacaloura	14.9	21.25	30.1	28	10.0	4.3	16	24	6.6	1	-110	79	97	52	62	281	2340	18	93	4	**	**	**	**	10	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 5

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Ventosa	14.6	20.76	28.4	30	9.3	4.0	17	70	11.3	31	-69	73	92	50	57	259	2208	10	92	4	913	14	0			
**Vilamor	15.8	20.74	30.0	4	11.5	4.1	18	51	22.0	8	-71	78	90	60	51	231	1989	6	63	4	**	10	0			
**Xabrega	17.4	25.8	33.8	28	10.6	5.2	16	56	14.2	8	-92	75	96	43	50	228	2135	3	104	4	979	9	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 5

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
**A Armenteira	16.3	21.86	30.8	27	10.9	7.5	24	47	18.4	1	-86	79	96	59	58	261	2207	6	57	4	**			10	0			
A Granxa	18.4	26.14	33.8	27	11.5	7.1	16	65	19.5	14	-79	77	98	49	59	268	2231	4	43	4	1011			8	0			
A Lanzada	17.7	22.49	32.6	27	13.4	8.9	19	22	6.0	11	-121	79	93	61	64	288	2311	15	72	4	**			10	0			
**Areas	18.5	24.84	33.0	29	13.5	9.9	19	77	22.0	1	-65	88	99	66	59	268	2268	3	33	20	**			9	0			
**As Eiras	18.1	23.57	32.9	27	13.2	9.2	19	48	17.0	9	-97	78	96	57	60	272	2279	5	45	4	1011			9	0			
Atios	18.0	25.36	33.3	27	11.7	6.2	16	103	33.1	31	--	80	100	50	--	--	2525	4	42	31	**			11	0			
Baiona	17.6	21.31	30.7	27	14.2	10.5	15	41	10.4	14	-99	83	96	65	65	294	2357	8	66	4	**			10	0			
**Barrantes	17.6	23.07	31.9	27	12.4	6.7	19	29	8.3	4	-97	77	94	58	61	258	2086	6	49	4	**			10	0			
Cabo Udra	17.4	21.46	29.7	26	14.1	11.4	10	21	5.1	31	-116	83	94	68	61	275	2328	14	89	4	**			8	0			
Caldas de Reis	17.2	23.62	33.4	29	12.3	8.4	16	60	21.2	1	-82	76	93	55	56	252	2187	7	57	4	985			10	0			
**Camanzo	17.5	24.24	32.8	27	11.8	7.2	19	60	20.5	28	-85	75	93	53	57	260	2226	5	61	4	992			8	0			
Cangas-Porto	18.0	21.59	31.4	27	14.8	11.0	16	34	6.9	31	**	74	87	58	**	**	**	9	69	4	**			9	0			
Castro Vicaludo	16.1	19.86	28.8	29	12.8	8.3	16	55	13.0	1	-80	81	92	62	58	263	2254	14	88	4	961			12	0			
**Cequelifios	18.6	25.86	34.8	29	13.0	9.2	16	46	20.4	1	-105	72	93	47	61	276	2283	7	49	4	**			8	0			
Corón	17.9	21.59	30.0	29	14.6	10.9	3	42	11.8	1	-111	73	87	56	67	283	2434	17	70	4	1015			10	0			
**Entenza	18.5	25.84	34.3	29	12.7	9.4	19	75	18.2	31	-67	76	96	52	53	240	2148	1	45	4	**			9	0			
Forcarei	15.5	20.73	28.8	28	10.7	5.4	16	80	37.5	1	-29	79	96	57	60	272	2276	13	75	4	**			10	0			
Fornelos de Montes	16.2	20.58	28.1	29	12.5	7.9	10	115	54.9	1	-32	75	90	57	62	278	2297	15	78	4	935			10	0			
Gargamala	18.3	25	32.7	29	12.9	9.1	3	64	26.7	1	-88	78	96	52	61	276	2318	5	49	4	**			8	0			
Illas Cíes	17.4	20.68	30.3	26	14.5	11.8	16	29	6.8	4	-101	85	96	71	60	272	2271	12	87	4	**			10	0			
Lalín	16.1	22.37	31.3	28	10.6	5.6	16	95	36.1	8	**	75	96	50	**	**	**	8	50	4	**			10	0			
**Louredo	17.3	24.34	33.2	27	12.6	8.2	16	58	19.4	1	**	84	98	62	**	**	**	2	20	4	987			8	0			
Lourizán	17.7	23.6	33.0	26	12.9	9.5	16	28	11.1	1	3	83	98	60	57	256	2224	3	46	4	1010			10	0			
**Meder	18.8	26.27	34.7	28	12.9	9.2	16	58	14.8	14	**	71	90	48	**	**	**	2	37	1	999			10	0			
Monte Aloia	16.7	23.31	32.2	29	12.0	6.8	16	101	37.5	1	-23	81	96	60	42	188	1930	7	65	4	961			10	0			
Mouriscade	15.5	23.04	30.8	28	8.0	3.1	16	86	33.8	13	-51	79	98	52	58	264	2254	4	52	4	958			10	0			
O Viso	17.7	25.08	34.7	27	12.4	8.7	10	58	19.8	14	-97	73	91	50	52	226	2019	7	60	4	985			10	0			
Ons	16.8	20.25	29.9	26	13.8	10.5	16	27	7.0	13	-92	83	94	70	64	279	2303	18	70	4	1002			11	0			
**Pé Redondo	18.3	23.59	32.2	27	13.7	10.2	16	48	13.4	11	-80	78	93	58	55	248	1973	2	57	4	**			13	0			
**Ponte Caldelas	17.0	22.26	30.3	27	12.1	7.6	10	62	25.6	1	-83	74	90	55	61	275	2198	7	58	4	975			10	0			
Pontevedra-Campolongo	19.0	25.44	34.5	26	13.8	10.3	10	30	12.5	1	**	74	94	50	**	**	**	3	54	4	**			10	0			
Porto de Vigo	18.6	22.03	30.9	27	15.8	12.9	16	41	14.0	31	-113	76	88	62	66	300	2365	12	65	4	1014			9	0			
Rebordelo	16.4	23.28	31.8	27	9.6	5.6	3	94	52.1	1	**	82	100	55	62	278	2216	**	**	**	975			9	0			
San Nomedio	16.7	21.43	29.7	27	13.0	7.7	10	87	35.3	1	-51	80	92	62	57	259	2191	14	74	1	**			12	0			
Sanxenxo	18.2	23.13	33.1	26	14.1	10.1	16	25	4.6	13	-120	73	88	55	58	260	2213	5	54	4	1012			10	0			
Serra do Faro	14.3	19.54	26.8	28	9.9	4.2	16	92	20.4	12	-42	75	91	53	57	260	2199	17	79	4	904			11	0			
**Simes	18.0	24.06	33.0	27	12.3	8.2	16	31	10.7	31	**	77	94	56	59	267	2189	**	**	**	**			9	0			
**Soutomaior	18.0	23.91	33.1	27	13.2	9.4	16	70	30.6	1	**	71	87	51	**	**	**	2	33	1	995			9	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 5

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
**Torrequintáns	18.2	23.68	32.5	27	13.3	9.4	19	33	8.3	11	-113	80	95	61	61	274	2332	5	63	4	1008	10	0			
**Tremoedo	17.8	22.67	31.8	27	13.3	10.3	17	29	5.6	11	**	75	91	56	**	**	**	4	50	4	1008	10	0			
Vigo	18.1	22.52	31.7	26	14.3	10.6	15	45	12.1	31	**	74	88	58	**	**	**	**	**	**	**	**	**	10	0	
Vigo-Campus	16.8	20.86	29.4	27	13.5	9.4	16	83	26.9	1	-67	76	89	59	65	293	2365	8	82	4	963	10	0			
Xesteiras	15.0	19.2	28.4	29	11.1	5.1	16	155	95.0	1	**	77	92	57	**	**	**	22	102	4	**	11	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.